



Planta dun forno de cal modificado dun debuxo de Xaquín Lorenzo "Xocas".

o forno de cal Santo Adrán de Cobres

Na caleira había diferenciación sexual no traballo. Isto implicaba que as tarefas se repartían segundo patróns de xénero, de aí que houbera traballo de mulleres e traballo de homes. A diverxencia non se establecía sobre a tradicional aptitude física do home, senón que se lle atribuían ao home habilidades e competencias relacionadas coa responsabilidade e capacitación profesional. As mulleres eran "axudantas".

MULLERES

MULLERES e HOMES

HOMES

TIPOS DE ACTIVIDADE

Dirección, distribución do traballo
(encargado)

Descarga
- da pedra calcaria
- do combustible

Carrega
- da pedra calcaria
- do combustible



Tito Pequeño González, á idade de 22 anos, tapando o cal con terrallo no cumio do forno de Santo Adrán. 1960.

"a descarga os homes ao lombo e as mulleres á cabeza"

"os chavales e as mulleres cunha carretilla levando a casca e a serradura á porta do forno"
"o máis duro era cargar e descargar o forno"

Os encargados sempre foron homes: Pepe de Solla, José Docampo Virulegio (Pepe da calera), Tito Pequeño González.

Carga do forno

As mulleres carrexaban as pedras pequenas nos muíños.

As pedras máis grandes cargábanas os homes. *"...un especialista era o que levaba a responsabilidade de facer ese muro"*.

Tratamento do combustible:
madeira, casca de piñeiro e serraduras

- Cargaban o combustible, dos serradoiros ao camión.
- Remexían a casca e as serraduras para que secasen.
- Padexaban na descarga do camión.



Queima na caleira, 1960. De esquerda á dereita: Benito Moreira, Joventino Pequeño González, Paco Novas, descoñecido (ao fondo) e Tito Pequeño González, con chapeu.

- Condución do camión, un Chevrolet.
- Padexar o combustible ao forno.

Cocedura do cal:
a queima

Retirada da cinsa do cinseiro do forno, *"...facíano os rapaces (e rapazas) para aprender ... había que aprender"*.

A queima era cousa de homes e implicaba quendas nocturnas *"...as mulleres nunca diante do lume"*. *"só unha traballaba como os homes de noite, por veces, porque tiña fillos"*.

Recollida do cal vivo

Enchemento dos bidóns de cal e posterior repartición.

Desmante do muro de cal vivo no interior do forno.

Limpeza

- Dos arredores do forno.
- Dos pozos nos serradoiros.

"desmontei o motor do camión para limpar peza por peza"
(Vitoria de Fuentes).

Encargas

Manolo de Pío V ocupábase dos mandados dos xefes e encargados.



MULLERES

MULLERES e HOMES

HOMES

SEGURIDADE E HIXIENE

Nutrición

"...comida de frío levada da casa" e "...auga da fonte".

Elementos de protección persoal



Vitoria de Fuentes á idade de 17 anos, Santo Adrán de Cobres, Vilaboa, 1955.

*"...non había guantes ... cando nós estabamos cargando os bidóns de cal non eramos capaces de lavar a cara nin de comer, porque as manciñas estaban comidas e chorreaban sangue... sabías o que facíamos? Amarrabámoslle trapos porque non había guantes, daquela non había guantes e picábanse os dedos dos pés e máis das mans".
"...levabamos vestido a traballar".*

Na queima *"...as condicións de traballo eran moi duras, máis que nada pola calor que desprendía o forno, a moitas persoas caíalles o cabelo, e ás veces había que poñer sacos mollados no mar para poder soportalo".*

Maquinaria

Vagonetas, guindastre pequeno e carretillas usadas na descarga da calcaria do barco.

Seguridade

Na recollida do combustible *"...viñan os obreiros/as sentados/as enriba do "serrín" alá no aire..."*

XORNADA LABORAL

O habitual era de luns a sábado entre as 8.00 h e as 18.00 h, con 1.30 h de descanso para comer.

"...durante a queima íamos buscar casca e "serrín"... un día estivemos das 9 da mañá ás 2 da madrugada até chegar a Ponteareas".

Algunhas persoas chegaban ao traballo despois de camiñaren até 5 km.

"...durante a queima os que queimaban traballaban todos os días, día e noite, en quendas de catro horas. O resto das persoas traballaban o horario habitual".

RELACIÓNS LABORAIS

Número de persoas traballadoras

Non hai consenso, traballadores/as fixos/as arredor dunha decena, eventuais falan de até 20 para algunhas actividades, como a descarga.

Tipo de relacións

Relacións familiares (irmás, curmás, pais-fillos/as, xenro-sogro) e de confianza condicionan a contratación.

Seguridade social



Traballadores/as na caleira en 1953. Segunda e terceiro pola esquerda, Carmen Solla Fernández e José Docampo Virulegio, casaron no 1955.

"...non había seguro porque non llelo exixían..." "...non era gañar máis, non che facían o seguro porque non ías ao médico, porque se ías ao médico si que tiñan que plantarche o seguro, porque senón apañaba el..."

Algunhas actividades tiñan seguro: encargado, condutor.

SALARIOS

Cobrábase á semana

"3 pesos por día, 75 pesetas" (0,50€ aproximadamente).

"4 pesos por día"

Horas extras

"...se dobrabas horas cobrabas o dobre..."